



Un verán de libros

Tengo el aura un pouco gris, de Paloma Bordóns




O protagonista deste libro autodefinese como “raro”. Ten ideas catastróficas, angustias vitais, unha nai estravagante e unha inestabilidade vital clara... Pero, hai alguén que poida ser considerado totalmente normal?

Unha novela que reflexiona con humor sobre as características propias de cada persoa.

Centauros do Norte, de Marcos Calveiro

PREMIO RAÍÑA LUPA

Esta novela sitúase no México de comezos do século XX, en plena revolución de Pancho Villa. O protagonista, Rafael, é un rapaz músico que se ve involucrado nunha revolución que acabará cuestionando. Coñecemos a súa peripecia vital e a duns personaxes interesantes



O Heroe, de David Rubín **CÓMIC**



O Heroe é un cómic que adapta moi libremente o mito dos doce traballos de Heracles ou Hércules. A acción sitúase nunha época fantástica indeterminada, que mestura pasado con presente e

elementos de ciencia-ficción, pasado por un túrmix pop que toma elementos dos superheroes e o manga.

A última publicación ata o momento do ourensán —e antigo alumno do instituto— David Rubín, cuxa obra foi xa recoñecida con numerosos premios que o sitúan nun lugar preeminente no ámbito do cómic.

Blog de David Rubín:

<http://detripas.blogspot.com.es/>



PREMIO DA CRÍTICA AO MELLOR DEBUXANTE NACIONAL, 2011 nas XVI Xornadas Internacionais do Cómic de Avilés

Lágrimas de Shiva, de César Mallorquí

PREMIO EDEBÉ

Javier debe marchar a Santander para pasar o verán cos seus tíos. Serán as mellores vacacións da súa vida polas experiencias que vivirá nese tempo. En Villa Candelaria coñecerá as súas primas e descubrirá un vello misterio familiar.



“En cierta ocasión, hace ya mucho tiempo, vi un fantasma. Sí, un espectro, una aparición, un espíritu; podemos llamarlo como queramos, el caso es que lo vi. Ocurrió el mismo año en que el hombre llegó a la Luna y, aunque hubo momentos en los que pasé miedo, esta historia no es una novela de terror. Todo comenzó con el misterio de un objeto muy valioso que estuvo perdido durante siete décadas: Las lágrimas de Shiva.”

Tardes con Margueritte, de Marie-Sabine Roger

TRADUCIÓN do francés



Germaine Chazes é un home de 45 anos, bruto e case analfabeto de quen moitos dicían que era un pouco parvo. Vive nunha tenda de campaña no xardín da casa familiar porque non se entende coa súa nai. Pero o encontro cunha anciá – Margueritte- no parque, onde acode a contar as pombas, cambia

a súa vida.

Ela, con dozura e paciencia, llelle fragmentos de libros e Germain vai descubrindo o que lle aportan as palabras cando comprende o que queren dicir máis de dez xuntas e cando se decata de que lle serven para poñerlle nome ao que sente.

Unha deliciosa novela sobre a amizade que deu pé a unha emotiva película de Jean Becker, protagonizada por Gerard Depardieu e Gisèle Casadesu:



Engurras, de Paco Roca.

CÓMIC



Emilio, un antigo empregado de banca, é internado pola súa familia nunha residencia de anciáns e pouco a pouco vai aceptando o seu novo domicilio, as súas regras e as rutinas diarias. Pero a súa memoria comeza a borrarse malia os seus intentos por contrarrestar os efectos da enfermidade.

Engurras conta esta batalla contra a vellez, ata que as súas páxinas se volven completamente brancas.

Unha conmovedora historia que mereceu o **Premio Nacional de Cómic** en 2008 e que conta xa cunha adaptación ao cine.

OS NÓSOS BLOGS DE BIBLIOTECA


<http://unhalagoadelibros.blogspot.com>

<http://clubdelecturaaslagoas.blogspot.com>

PARTICIPA!

BIBLIOTECA

IES AS LAGOAS



Ourense, xuño 2012

Guía de lecturas para o verán